

*Resolución do 26 de xuño de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores do ensino secundario en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia.*

De conformidade coa base común 7.1 da Orde de 28 de febreiro de 2003 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso ós corpos de profesores de ensinanza secundaria e outros, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Realizada esta baremación cómpre darlle publicidade.

En consecuencia, esta dirección xeral

### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas delegacións provinciais, a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións provisionais dos baremos dos corpos de profesores de ensino secundario establecidos na Orde do 28 de febreiro de 2003.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá presentarse reclamación no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2003.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

*Resolución do 27 de xuño de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se determinan as datas e os lugares para a elección de destinos provisionais polos funcionarios pertencentes ó corpo de mestres para o vindeiro curso escolar 2003-2004.*

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para o curso académico 2003-2004 ó profesorado sen destino definitivo, pertencente ó corpo de mestres, convócase este procedemento, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócase concurso para a provisión das necesidades de profesorado, pertencentes ó corpo de mestres, para o curso 2003-2004, entre o profesorado sen destino definitivo.

Segunda.-Están obrigados a participar neste concurso:

a) O profesorado procedente de escolas suprimidas, clausuradas ou aqueles ós que lle fora anulado o destino definitivo no concurso de traslados, agás aqueles mestres ós que a Inspección Educativa as adscriba funcionalmente.

b) Os propietarios provisionais.

c) Os reingresados.

d) Os funcionarios en prácticas da oposición do 2002.

e) Os opositores que superen o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 6 de marzo de 2003 (DOG do 14 de marzo )

f) O profesorado interino necesario para a cobertura das vacantes resultantes dos procesos levados a cabo nas delegacións provinciais. Este profesorado será citado no seu momento.

Terceira.-O profesorado pertencente ós puntos a), b), c) e d) da base segunda elixirá vacantes pertencentes á provincia na que traballaron no curso escolar 2002-2003, agás que contén con autorización da Dirección Xeral de Persoal para face-la elección noutra provincia.

O profesorado pertencente ó punto e) da base segunda elixirá destino na provincia na que se matriculou no proceso selectivo de 2003.

Cada delegación provincial publicará as relacións dos mestres que deben elixir destino na súa provincia.

O profesorado interino elixirá destino en Santiago de Compostela.

Cuarta.-A elección de destinos farase nas seguintes datas e lugares.

a) O profesorado pertencente ós puntos a), b), c), d) e e) da base segunda elixirá destino de acordo ó seguinte calendario:

A Coruña: os días 2 e 3 de setembro, ás 9 horas, no IES Cruceiro Baleares. Acea da Ama. O Burgo.

Lugo: o día 3 de setembro, ás 9 horas, no salón de actos do edificio administrativo, r/ Armando Durán, s/n. Lugo.

Ourense: o día 3 de setembro, ás 10 horas, no IES Blanco Amor, r/ Vicente Risco, 13. Ourense.

Pontevedra: os días 2 e 3 de setembro, ás 9 horas, no IES Sánchez Cantón, avda. Raíña Victoria. Pontevedra.

b) O profesorado pertencente ó punto f) da base segunda elixirá destino en Santiago de Compostela no lugar e datas que oportunamente se comunicará.

Quinta.-Vacantes. As delegacións provinciais publicarán as vacantes provisionais o día 4 de xullo de 2003 nos taboleiros de anuncios destas, así como na páxina web da Dirección Xeral de Persoal.

As relacións de vacantes e electores definitivas publicaranse, nos mesmos lugares, o día 28 de agosto de 2003.

Sexta.-Contra as relacións provisionais de vacantes e electores poderá presentarse reclamación no prazo de sete días naturais desde a súa publicación.

Sétima.-Resoltos os distintos procesos de mobilidade, publicaranse os postos vacantes resultantes para ser cubertos polos mestres interinos, pertencentes ás listas que no seu momento se citen.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2003.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

## CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Orde do 25 de xuño de 2003 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto de traballo vacante que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela tódolos funcionarios que reúnan os requisitos que se esixen e se especifican no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, Santiago de Compostela), nas delegacións provinciais ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O modelo de solicitude sinálase no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir á súa solicitude un currículum vitae e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado algún funcionario con destino noutra Administración pública tramitaráselle o seu traslado a esta Comunidade Autónoma e unha vez concedido pola súa Administración de orixe, procederase a adxudicarlle-lo posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución no DOG o funcionario seleccionado non puidese incorporarse ó seu posto de traballo por non atoparse

resolto o seu traslado á Comunidade Autónoma de Galicia, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderase declarar deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes se está en localidade distinta ou leva consigo o reingreso ó servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ó da publicación no DOG, ou desde a data na que se comunique a resolución do traslado á Comunidade Autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ó servizo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición perante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2003.

Jesús Pérez Varela  
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social  
e Turismo

### ANEXO I

Código do posto: CUC050000115770001.

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Telecomunicacións e Audiovisual.

Centro directivo: Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual.

Localidade: Santiago de Compostela.

Tipo de posto: S.

Corpo ou escala: xeral/especial.

Grupo: A.

Nivel: 30.

Complemento específico: 15.073,08.

Tipo de adscrición: (A11) adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado e Administración de Comunidades Autónomas.

Formación específica: (523) diploma de directivo; (640) para persoal doutra Administración, curso perfeccionamento do galego (RI).